



**FEDERACION GALEGA
DE
TIRO OLIMPICO**



**NORMAS DE PARTICIPACIÓN
NAS COMPETICIÓN S OFICIAIS,
CAMPIONATOS PROVINCIAIS,
GALEGOS, NACIONAIS E
INTERNACIONAIS**

ANO 2012

NORMAS MODALIDADE DE PRATO



FEDERACION GALEGA
DE
TIRO OLIMPICO



ÍNDICE

NORMAS DE CARÁCTER XERAL

TIRADORES:

Licenzas.
Ascensos de Categoría.
Tiradores de clase Veterano
Tiradoras de clase Donas
Tiradores de clase Junior e Junior Feminino
Xuices-Árbitros
Delegado Federativo.

CLUBES:

Clubes

CAMPIONATOS GALEGOS:

Campionatos Galegos
Distancia das competicións
Inscricións
Trofeos
Axudas

CAMPIONATOS NACIONAIS:

Campionato de España Equipos Autonómicos
Campionato de España Copa de España en F.O
Campionato de España por Categorías de F.O
Copa de España en F.U
Campionato de España Absoluto y Categ. en F.U.
Medallas conseguidas en Ctos. Nacionais

CAMPIONATOS INTERAUTONOMICOS E OUTRAS COMPETICIONS

FOSO OLÍMPICO

CAMPIONATO GALEGO DE FOSO OLIMPICO

Regulamento
Gañadores de edicións anteriores

COPA GALICIA DE FOSO OLÍMPICO

Regulamento
Gañadores das edicións anteriores

NORMAS MODALIDADE DE PRATO



**CAMPIONATO GALEGO DE
REGULARIDADE EN FOSO OLÍMPICO**

Normas de clasificación.
Competicións puntuables.
Premios en metálico que se establecen.
Gañadores de edicións anteriores.

**CAMPIONATO GALEGO POR EQUIPOS
DE CLUBES EN FOSO OLÍMPICO**

Inscripcións.
Prazo de inscrición.
Sorteo de escuadras.
Desenvolvemento da competición.
Cadro de eliminatorias.
Desempates.
Trofeos.
Gañadores das edicións anteriores.

DOBRE TRAP

CAMPIONATO GALEGO DE DOBRE TRAP

Regulamento.
Gañadores de edicións anteriores.

SKEET

CAMPIONATO GALEGO DE SKEET

Regulamento.
Gañadores de edicións anteriores.

FOSO UNIVERSAL

CAMPIONATO GALEGO DE FOSO UNIVERSAL

Regulamento.
Gañadores de edicións anteriores.

**CAMPIONATO GALEGO DE
REGULARIDADE EN FOSO UNIVERSAL**

Normas de clasificación.
Campións puntuables.
Modo de desempate.
Premios en metálico que se establecen.
Gañadores de edicións anteriores.



MINIFOSO

CAMPIONATO GALEGO DE MINIFOSO.

Regulamento.

CAMPIONATO GALEGO DE REGULARIDADE EN MINIFOSO.

Regulamento.

NOTAS ACLARATORIAS.

oo0oo

NORMAS DE PARTICIPACIÓN NOS CAMPIONATOS PROVINCIAIS, GALEGOS, NACIONAIS E INTERNACIONAIS, DA MODALIDADE DE PRATO.

Segundo o Artigo 48 da Lei 11/1997 do 22 de Agosto, Xeral do Deporte para Galicia, só serán competicións oficiais, as que organiza a Federación Galega de Tiro Olímpico.

As Competicións Oficiais da Federación Galega de Tiro Olímpico (FEGATO), publicaranse nun calendario oficial e rexiránse:

Polas súas propias normas de organización e Técnicas, tendo como supletorias o estipulado nos Regulamentos Técnicos da ISSF, FITASC e MLAIC, así como os xerais e específicos da Real Federación Española de Tiro Olímpico.

A FEGATO, como organizadora das Competicións no ámbito Autonómico, poderá introducir as modificacións ou adaptacións que considere oportunas e necesarias para o mellor desenvolvemento das mesmas

A Organización, por situacións de forza maior, poderá introducir modificacións ou adaptacións que considere necesarias para o mellor desenvolvemento das Competicións. As modificacións de calendarios deportivos, orzamentos e normas aprobadas en Asemblea Xeral da FEGATO, deberán someterse a aprobación da Comisión Delegada.

NORMAS MODALIDADE DE PRATO



Calquera incidencia imprevista no desenvolvemento da competición, será resolta, en cada ocasión, polo Comité de Competición, e en última instancia polo Comité de Apelación da Federación Galega de Tiro Olímpico.

Para participar nos Campionatos Galegos e Nacionais e demais Competicións oficiais, haberán de observarse as seguintes instrucións:

TIRADORES

Licenzas:

Para participar nas competicións oficiais programadas pola Federación Galega de Tiro Olímpico, deberán estar en posesión da Licenza Federativa Galega da modalidade de prato para o ano en curso.

O Tirador que compita sen estar en posesión da devandita licenza federativa, poderá ser sancionado, con arreglo á vixente lexislación en materia deportiva, e será descalificado inmediatamente da competición, non permitíndolle continuar na mesma.

O Tirador que se inscriba nas competicións oficiais, organizadas pola Federación Galega de Tiro Olímpico, deberá presentar a licenza federativa na súa primeira participación, no intre en que proceda a retirar o dorsal. De non presentar a licenza en vigor, non poderá participar na competición.

Aparte do anterior, ós tiradores teñen que estar en posesión da Licenza de Armas que ampare a arma que utilizan na práctica da actividade oficial, así como da guía da mesma. Os tiradores menores de dezoito anos, que teñan recoñecida a categoría de xunior, esixiráselles estar en posesión de Autorización Especial de uso de armas para menores.

O Delegado Federativo, poderá esixir ao Tirador a documentación que acredite tales autorizacións. Se o Tirador carece delas, ou se nega a presentalas, non poderá participar na competición, e será suspendido da mesma. Unha vez comprobado tal extremo, será comunicado a Intervención de Armas correspondente.

O Tirador que solicite a súa inscrición nas competicións oficiais organizadas pola Federación Galega de Tiro Olímpico, asume, baixo a súa responsabilidade, que cumpre coa normativa vixente que regula a súa participación.

Para participar nas competicións oficiais de carácter nacional deberán estar en posesión da Licenza Federativa Nacional, expedida pola Real Federación Española de Tiro Olímpico. Deberá solicitarse a través da súa Delegación Provincial da Federación Galega de Tiro Olímpico, durante o primeiro trimestre do ano, cumprimentando tódolos datos do impreso habilitado ó efecto.

O Tirador que non esta en posesión da licenza nacional, expedida pola Real Federación Española de Tiro Olímpico, non poderá ser inscrito en competicións nacionais, **xa que o sistema informático establecido non o permite.**



ASCENSOS DE CATEGORIA:

Cadro de porcentaxes:

F.O.	F.U.	D.T.O.	S.K.	MINIFOSO	CATEGORÍA
119 ou máis	192 ou máis	130 ou máis	119 ou máis	71 ou máis	1ª categoría
70 ou máis	190 ou máis	98 ou máis	70 ou máis	71 ou máis	Donas
113 a 118	180 a 189	125 a 129	113 a 118	67 a 70	2ª categoría
67 a 69	180 a 189	93 a 97	67 a 69	67 a 70	Donas
100 a 112	160 a 179	110 a 124	100 a 112	60 a 66	3ª categoría
60 a 66	160 a 179	85 a 93	60 a 66	60 a 66	Donas
Inicio	Inicio	Inicio	Inicio	Inicio	4ª categoría
Inicio	Inicio	Inicio	Inicio	Inicio	Donas

A cuarta categoría considerase como categoría inicial para as modalidades de F.O., F.U. e Minifoso, e so a conservarán o ano de expedición da licenza. Os tiradores xunior masculino e xunior feminino, non ascenderán por resultados, salvo solicitude expresa dos interesados.

Un tirador ascenderá de categoría, cando no transcurso do ano natural alcance, alomenos, dúas veces as devanditas porcentaxes en Competicións do calendario oficial galego, competicións nacionais do calendario da REFEDETO e Internacionais dos calendarios da FITASC e ISSF.

O pase de categoría, despois de alcanzar as porcentaxes ou puntuacións establecidas, surtirá efecto dende o momento da comunicación ó deportista.

O Tirador de Segunda ou Terceira categoría, poderá descender á inmediata inferior se o solicita á FEGATO, con un mes de antelación á primeira proba da tempada, sempre que na tempada anterior, da totalidade dos pratos tirados, con un mínimo de 500, en competicións da modalidade programadas pola RFEDETO ou pola FEGATO, non acadase unha porcentaxe do 85%.

A Primeira categoría perdérase, pasando a Segunda categoría, cando o tirador non consiga as porcentaxes establecidas durante os dous anos naturais seguintes ao ascenso.

O Tirador descendido de categoría voltará a ascender novamente se alcanza as porcentaxes establecidas.



Tiradores de clase veterano:

A clase de veterano, adquirena os tiradores de prato que cumpran as condicións de ter sesenta anos de idade, e leven os últimos cinco con licenza federativa sen interrupcións, sempre que o soliciten por escrito, antes do 30 de novembro do ano anterior. Se o tirador pertencese a outra Federación Territorial, deberá xustificalo coa presentación da correspondente certificación, ou copia compulsada das licencias federativas dos últimos cinco anos.

A súa participación nas competicións que figuran no calendario oficial da modalidade de Prato da Federación Galega de Tiro Olímpico, regúlanse do seguinte xeito:

Nos Campionatos Galegos e Campionatos Provinciais a súa inscrición será a que se sinala no apartado de inscricións, tendo opción ós trofeos da táboa xeral, categoría e clase.

Tiradoras de clase Donas

A súa participación nas competicións que figuran no calendario oficial da modalidade de Prato da Federación Galega de Tiro Olímpico, regúlanse do seguinte xeito:

Nos Campionatos Galegos e Campionatos Provinciais a súa inscrición será a que se sinala no apartado de inscricións, tendo opción ós trofeos da táboa xeral, categoría e clase.

Tiradores de clase Junior e Junior Feminino:

A clase de Junior e Junior Feminino inclúe ós tiradores e tiradoras das modalidades de prato ata o ano en que cumpren os 20 anos de idade.

A súa participación nas competicións que figuran no calendario oficial da modalidade de Prato da Federación Galega de Tiro Olímpico, regúlanse do seguinte xeito:

Nos Campionatos Galegos e Campionatos Provinciais a súa inscrición será con cargo á Federación, para os tiradores con licencia da Federación Galega, tendo opción ós trofeos da táboa xeral, categoría e clase.

Xuices Árbitros:

Establécense as seguintes contías:

Un día de competición e outro de adestramento oficial:
- Importe: 100,00 Euros. Deducción 2% de IRPF.

Dous días de competición e un día de adestramento oficial:



- Importe: 175,00 Euros. Deducción 2% de IRPF.

Delegado Federativo:

Nos Campionatos Galegos, abonaráselles os gastos de desprazamento, mais unha axuda de custos reducida por cada día de competición mais outra polo día anterior ó inicio da competición.

CLUBES

Os Clubes que programen competicións como actividade social no calendario galego, deberán cumprir e facer cumprilos Regulamentos das Competicións e as normas de participación que dicte a Federación Galega de Tiro Olímpico.

Os Clubes quedan obrigados a remitir as actas de tódalas competicións programadas no Calendario Galego da modalidade, á Delegación Provincial correspondente da Federación Galega de Tiro Olímpico, no prazo máximo de dez (10) días hábiles.

De inscribir a tiradores sen Licencia Federativa aparte das responsabilidades en que incurra o tirador, a FEGATO, poderá penalizar o Clube, co pago dunha cantidade equivalente o importe das Licencias federativas dos tiradores que participasen sen ela.

O non cumprimento dos Regulamentos e normas de participación establecidas pola Federación Galega de Tiro Olímpico, será motivo suficiente, para non publicarlá a actividade do clube infractor na tempada seguinte.

Cada clube regulará no programa de man as condicións de participación dos tiradores de clase veterano. De non publicarse programa de man, cada tirador veterano abonará ata un máximo de 6,00€ por serie programada máis unha serie, tendo opción ós trofeos da táboa xeral, categoría e clase.

Cada clube regulará no programa de man as condicións de participación das tiradoras de clase Dona. De non publicarse programa de man, cada tiradora abonará ata un máximo de 6,00 € por serie programada máis unha serie, tendo opción ós trofeos da táboa xeral, categoría e clase.

Tamén regulará no programa de man as condicións de participación dos tiradores de clase xunior masculino e xunior feminino. De non publicarse programa de man, cada tirador xunior masculino e feminino abonará ata un máximo de 6,00€ por serie programada, tendo opción ós trofeos da táboa xeral, categoría e clase.

Ó non establecer os vixentes regulamentos de competición, distancia menor á olímpica, os desempates efectuaranse do seguinte xeito:

Competición por clasificación xeral e categorías:

Desempataranse os tres primeiros postos da clasificación xeral e o primeiro de cada categoría.



Competición por categorías: Desempataranse os tres primeiros postos de cada categoría.

Modo de desempate: Realizarase á distancia de 25 pratos, clasificará exclusivamente os postos que se desempatan. Se persiste o empate aplicarase a morte súpeta. O resto da clasificación será polos resultados obtidos na competición.

Os Clubes deberán someter á aprobación da Federación Galega de Tiro Olímpico os programas de man das competicións sociais, antes da súa publicación.

CAMPIONATOS GALEGOS

Durante o ano 2012 os Tiradores con licenza doutras Federacións Territoriais poderán participar en tódalas competicións oficiais nas mesmas condicións que os tiradores con licenza da Federación Galega, agás na Copa Galicia de Foso Olímpico, onde a súa competición remata aos 125 pratos, non tendo opción a disputar a serie final (play-off). Tampouco percibirán axuda económica pola súa clasificación.

Os tiradores con licenza federativa doutras Federacións Territoriais, deberán inscribirse na Sede Central da Federación Galega de Tiro Olímpico, nos prazos establecidos.

Para participar nos campionatos organizados pola Federación Galega de Tiro Olímpico, os tiradores con licenza galega só poderán inscribirse a través da súa Delegación Provincial.

O Prazo de inscrición nas competicións organizadas pola FEGATO, remata ás 20,00 horas do xoves anterior a data de celebración, pasado este prazo non será admitida ningunha inscrición.

Tamén poderán inscribirse o día da competición, 30 minutos antes do comenzo, aboando un recargo do 50% sobre o importe da inscrición. Compitirán nas escuadras con postos vacantes ou incompletas.

Todo tirador que esté inscrito ó rematar o prazo establecido, queda obrigado ó pago da inscrición, aínda que non asista á competición, salvo causa de forza maior, que deberá xustificar. No caso de non xustificar a ausencia, deberá facer o ingreso da inscrición correspondente na Federación Galega, na conta de prato habilitada ao efecto, antes da súa próxima inscrición.

O non cumprimento da norma anterior, será suficiente para negárselle a súa inscrición noutras competicións nas que teña que inscribirse a través da FEGATO.

Os clubes sedes das competicións organizadas pola FEGATO, abonaráselles ata unha cantidade de 300,00 € por competición, en concepto de uso de instalacións, material auxiliar e asistencia técnica, agás o Campionato Galego de F.U. que se lle abonarán 450 € Para as competicións de minifoso abonarase a cantidade de 60,00 € por serie programada (120 € para competicións a 50 pratos e 180 € para competicións a 75 pratos).

NORMAS MODALIDADE DE PRATO



Aparte do anterior abonaráselles as series de pratos realmente tiradas polos tiradores que participan na competición, a razón de 3,00 € por serie para foso e minifoso e 6,00 € por serie para dobre trap .

Os Clubes que soliciten ser sede das competicións organizadas pola Federación Galega de Tiro Olímpico, deberán dispor das instalacións correspondentes, medios auxiliares e persoal necesario para poder desenvolver a competición no prazo establecido. De non ser así a FEGATO deducirá ó clube os gastos necesarios para suplir as deficiencias.

Aparte do anterior, o persoal do Clube encargado das inscricións e control de resultados deberá ser coñecedor das normas que regulan o desenvolvemento da actividade oficial da Federación.

A Federación Galega de Tiro Olímpico, a vista dos resultados económicos de edicións anteriores, e naqueles casos en que supoña unha perda económica considerable, poderá denegar a adxudicación de competicións oficiais ao clube solicitante.

Distancia das competicións

Copa Galicia de Foso Olímpico:

125 pratos mais serie final.

Campionato Galego de Foso Olímpico:

125 pratos mais serie final.

Campionatos Provinciais de Foso Olímpico:

125 pratos mais serie final.

Campionato Galego de Dobre Trap Olímpico:

150 pratos mais serie final.

Campionato Galego de Foso Universal:

200 pratos.

Campionatos Provinciais de Foso Universal:

100 pratos.

Tiradas puntuables de Foso Universal:

100 pratos.

Campionato Galego de Minifoso:

75 pratos.

Campionatos Provinciais de Minifoso:

75 pratos.

Inscricións:

Copa Galicia de Foso Olímpico. Inscrición 70,00 €

Campionato Galego de Foso Olímpico: Inscrición 50,00 €

Campionatos Provinciais de Foso Olímpico: Inscrición 35,00 €

Campionato Galego de Dobre Trap: Inscrición 50,00 €



Campionato Galego de Skeet: Inscripción 50,00 €
Campionato Galego de Foso Universal: Inscripción 50,00 €
Campionatos Provinciais de Foso Universal: Inscripción 35,00 €
Campionato Galego por Equipos de Clubes: Inscripción 50,00 €por tirador (150,00 €por equipo).
Campionato Galego de Minifoso: Inscripción 35,00 €
Campionatos Provinciais de Minifoso: Inscripción 35,00 €

Inscripcións dos tiradores de clase Veterano: Campionatos Galegos: 30,00 €, Copa Galicia: 40,00 €. Campionatos Provinciais de Foso Olímpico: 25,00 €. Campionatos Provinciais de Foso Universal 25,00 € Campionato Galego por Equipos de Clubes: 50,00 € Campionato Galego de Minifoso: 25,00 € Campionatos Provinciais de Minifoso: 25,00 € Tódalas inscricións con pratos incluídos.

Inscripcións das tiradoras de clase Donas: Campionatos Galegos: 30,00 €, Copa Galicia: 40,00 €. Campionatos Provinciais de Foso Olímpico: 25,00 €. Campionatos Provinciais de Foso Universal 25,00 € Campionato Galego por Equipos de Clubes: 50,00 € Campionato Galego de Minifoso: 25,00 € Campionatos Provinciais de Minifoso: 25,00 € Tódalas inscricións con pratos incluídos.

Inscripcións dos Tiradores da clase Junior masculino e Junior feminino que participen nas competicións sinaladas no Calendario da Actividade Oficial: A inscrición e o custo dos pratos será con cargo á Federación.

Aparte do anterior, e se os ingresos o permiten, en colaboración cos Clubes afiliados á FEGATO, naqueles en que adestren, abonaráselles series de pratos ata un equivalente as series consumidas nas competicións que participaron.

Ás tiradoras de clase Donas, reintegraráselle o importe das inscricións e pratos, sempre que se clasifiquen nos Campionatos Galegos de Regularidade de Foso Olímpico, Foso Universal ou Minifoso.

Inscripcións en Campionatos Galegos e Competicións Nacionais

En evitación de situacións que se veñen producindo nos últimos anos, que supoñen un custo económico e de tramitacións para a Federación Galega de Tiro Olímpico, os tiradores que desexen participar en Competicións, nas que teñan que realizar a súa inscrición a través da FEGATO, deberán observar as seguintes normas:

a) As inscricións deberán realizarse na **Delegación Provincial da Federación Galega de Tiro Olímpico á que pertenzan**, nos prazos establecidos e nos horarios sinalados en cada unha delas.

b) Para as Competicións Nacionais, o prazo remata 3 días antes da data sinalada pola Real Federación Española de Tiro Olímpico. **A Federación Galega de Tiro Olímpico, non procederá á inscrición de ningún tirador, que ó remate do prazo, non teña abonado a correspondente inscrición. Unha vez finalizado o prazo de inscrición nas Delegacións Provinciais, a Federación Galega designará os compoñentes dos equipos galegos para a competición.**



Series de adestramentos oficiais:

Os Clubes cobrarán como máximo, por serie de adestramento, 4,00 € para Foso Olímpico, Minifoso e Foso Universal, e 8,00 € por serie en Dobre Trap.

Trofeos:

Copa Galicia de Foso Olímpico, Campionato Galego de Foso Olímpico, Foso Universal, Dobre Trap Olímpico, Skeet e Campionatos Galegos de Regularidade, os establecidos nos seus Regulamentos.

Campionatos Provinciais programados como Puntuables para o Campionato Galego de Regularidade en Foso Olímpico.

Vencedor absoluto: Placa ou trofeo de prata.
Clasificación Xeral: 5 trofeos prata ou cerámica.
Clasificación por Categorías: 3 Diplomas.
Clasificación Donas: 1 Diploma.
Clasificación Veteranos: 1 Diploma.
Clasificación Juniors: 1 Diploma.
Clasificación Junior feminino: 1 Diploma.
(Mínimo de tres tiradores para formar clasificación por categoría).

Campionatos Provinciais programados como Puntuables para o Campionato Galego de Regularidade en Foso Universal.

Vencedor absoluto: Placa, trofeo de prata ou cerámica.
Clasificación Xeral: 3 Trofeos prata ou cerámica.
Clasificación por Categorías: 3 Diplomas.
Clasificación Donas: 1 Diploma.
Clasificación Veteranos: 1 Diploma.
Clasificación Juniors: 1 Diploma.
Clasificación Junior feminino: 1 Diploma
(Mínimo de tres tiradores para formar clasificación por categoría).

Campionatos Provinciais programados como Puntuables para o Campionato Galego de Regularidade en Minifoso.

Vencedor absoluto: Placa, trofeo de prata ou cerámica.
Clasificación Xeral: 3 trofeos prata ou cerámica.
Clasificación por Categorías: 3 Diplomas.
Clasificación Donas: 1 Diploma.
Clasificación Veteranos: 1 Diploma.



Clasificación Juniors: 1 Diploma.
Clasificación Junior feminino: 1 Diploma
(Mínimo de tres tiradores para formar clasificación por categoría).

Campionato Galego de Minifoso.

Vencedor absoluto: Placa ou trofeo de prata.
Clasificación Xeral: 3 trofeos de prata ou cerámica.
Clasificación por Categorías: 3 Diplomas.
Clasificación Donas: 1 Diploma.
Clasificación Veteranos: 1 Diploma.
Clasificación Juniors: 1 Diploma.
Clasificación Junior feminino: 1 Diploma
(Mínimo de tres tiradores para formar clasificación por categoría).

Premios:

Establécense os seguintes premios en metálico por clasificación nos Campionatos Galegos:

Copa Galicia de Foso Olímpico, Campionato Galego de Foso Olímpico, Foso Universal, Doble Trap Olímpico, Skeet e Campionatos Galegos de Regularidade as establecidas por Regulamento.

CAMPIONATOS NACIONAIS

A Federación Galega de Tiro Olímpico, designará os equipos a enviar ás competicións nacionais, segundo as normas establecidas e sempre que os ingresos da Federación o permitan:

Para formar os equipos acudírase ao Campionato Galego de Regularidade do ano en curso, sempre e cando se leven, alomenos, dúas competicións realizadas do Campionato Galego de Regularidade, antes de que finalice o prazo de inscrición, no caso contrario acudírase ó Campionato Galego de Regularidade do ano anterior.

Para o ano 2012, establécense os seguintes Campionatos para asistir con equipo ou como seleccións galegas:

Campionato de España por Equipos Autonómicos: (La Bastida – Toledo, do 16 ao 18 de setembro): Tres equipos:

Primeiro equipo formado por tres tiradores do seguinte xeito:
Campión da Copa Galicia do ano 2012.
Campión Cpto Galego de F.O. do ano 2012.
Campión Cpto. Galego de Regularidade do ano 2012.



De non ser posible a súa formación do xeito indicado, completárase cos tiradores clasificados no Campionato Galego de Regularidade do ano 2012, que cumpran coa norma de clasificación.

Segundo Equipo:

Formado por tres tiradores clasificados no Campionato Galego de Regularidade do ano 2012, que cumpran coa norma de clasificación.

Aboaráselles un premio en metálico de 300,00 € por tirador. As inscricións e os pratos serán con cargo á FEGATO. Facilitaráselles vestimenta deportiva.

Un Terceiro equipo que corresponde ao Equipo vencedor no Campionato Galego por Equipos de Clubes do ano en curso, con premio en metálico de 300,00 € por tirador. As inscricións e os pratos serán con cargo á FEGATO. Facilitaráselles vestimenta deportiva. Deberán asistir, como mínimo dous compoñentes do equipo vencedor, podendo ser substituído o terceiro compoñente por outro tirador do Clube que acadase no ano, polo menos unha vez o resultado de 113/125 pratos.

Para esta Competición, a REFEDETO, so admite tres equipos por federación autonómica.

Campionato de España Copa de España en F.O: (Los Templariso – Jeréz de los Caballeros– Badajoz, días 14 e 15 de abril):

Un Equipo formado do seguinte xeito:

Campión da Copa Galicia do ano 2011.

Campión Galego de F.O. do ano 2011.

Campión Galego de Regularidade do ano 2011.

De non ser posible a súa formación do xeito indicado, completárase cos tiradores clasificados no Campionato Galego de Regularidade do ano 2011, que cumpran coa norma de clasificación.

Campionato de España por Categorías en Foso Olímpico: (Chestre - Valencia, 9 e 10 de xuño):

A FEGATO, pretende dar a oportunidade de participar a tiradores de tódalas categorías, en Competicións Nacionais, e a Real Federación Española de Tiro Olímpico, programa o Campionato de España por Categorías en Foso Olímpico. A FEGATO, enviará ata un máximo de tres tiradores, nas seguintes categorías:

Tiradores de categoría Primeira.

Asistirán os tres tiradores mellor clasificados no Campionato Galego de Regularidade do ano anterior e que para o ano en curso conserve a categoría.

Tiradores de categoría Segunda



Asistirán os tres tiradores mellor clasificados no Campionato Galego de Regularidade do ano anterior e que para o ano en curso conserve a categoría.

Tiradores de categoría Terceira

Asistirán os tres tiradores mellor clasificados no Campionato Galego de Regularidade do ano anterior e que para o ano en curso conserve a categoría.

Copa de España en F.U: (Villanueva de Gállego - Zaragoza – días 19 e 20 de maio):

Un equipo formado por tres tiradores, composto do seguinte xeito:

Gañador do Campionato Galego de F.U. do ano anterior.

Gañador do Campionato Galego de Regularidade en F.U. do ano anterior.

Segundo Clasificado no Campionato Galego de Regularidade en F.U. do ano anterior.

De non ser posible a súa composición do xeito sinalado, completárase cos primeiros tiradores clasificados no Campionato galego de regularidade en F.U. do ano anterior.

Campeonato de España Absoluto y Categorías en F.U: (CEAR de T.O. de Las Gabias – Granada, 30 de xuño e 1 de xullo)

A FEGATO, enviará ata un máximo de tres tiradores, nas seguintes categorías:

Tiradores de categoría Primeira

Asistirán os tres tiradores mellor clasificados no Campionato Galego de Regularidade do ano 2012.

Tiradores de categoría Segunda

Asistirán os tres tiradores mellor clasificados no Campionato Galego de Regularidade do ano 2012.

Tiradores de categoría Terceira

Asistirán os tres tiradores mellor clasificados no Campionato Galego de Regularidade do ano 2012.

Premios en metálico para Campionatos de España.

Os tiradores percibirán un premio en metálico de 300,00 € pola súa clasificación para asistir aos Campionatos de España. Aboaránselles os gastos de inscrición e pratos. Facilitaránselles vestimenta deportiva.

Como parte do Programa de Formación e Tecnificación da Federación Galega de Tiro Olímpico, enviaranse equipos de clase juniors ás competicións nacionais que clasifiquen por equipos junior.



Os tiradores juniors que compitan como equipo da Federación Galega de Tiro Olímpico, non ocuparán posto nas categorías, como tiradores premiados.

Como parte do Programa de Formación e Tecnificación da Federación Galega de Tiro Olímpico, enviaranse equipos da crase Donas ás competicións nacionais que clasifiquen por equipos Donas:

As Donas que compitan como equipo da Federación Galega de Tiro Olímpico, non ocuparán posto nas categorías, como tiradoras premiadas.

Do mesmo xeito que no caso anterior, A Federación Galega de Tiro Olímpico, enviará tiradores Junior masculino, Junior feminino e Donas, con cargo aos programas de Promoción, Formación ou Tecnificación, as competicións nacionais ou internacionais que se estimen oportunas para a súa formación ou tecnificación.

É condición indispensable que para poder formar parte dos equipos que representarán a Galicia, o tirador tivo que obter, no Campionato Galego de Regularidade que o clasifique un resultado, polo menos, que dá ascenso na categoría que compite. De non cumprirse a condición anterior, a Federación Galega, poderá nomear os compoñentes necesarios para completar equipos, tomando os resultados doutras actuacións do tirador (Año anterior ou en curso, Campionatos de España, Equipos, Competicións autonómicas, etc.), nas que acadara os resultados que se esixen.

A FEGATO poderá inscribir equipos nas competicións nacionais que clasifiquen por Federacións Territoriais, entre os tiradores inscritos nas mesmas, previa comunicación aos mesmos.

O Tirador que forme parte dun equipo representando a Federación Galega de Tiro Olímpico, deberá finalizar a competición e esperar a final da mesma.

Os compoñentes do Equipo Galego que resulte clasificado, deberán esperar a entrega de trofeos, e como tal recibir a honra que lles corresponda.

Os equipos que representen a FEGATO, proporcionaráselles vestimenta deportiva con anagramas da FEGATO, que deberán usar, obrigatoriamente, na entrega de Trofeos, Medallas e Diplomas.

A negativa a formar equipo que represente a FEGATO sen causa xustificada, ou o incumprimento das normas establecidas, suporá a non percepción da axuda correspondente, así como a súa vetación para formar equipos que representen á Federación Galega de Tiro Olímpico. Reclamaráselles o importe da inscrición individual, por equipos, pratos, vestimenta e cantos outros gastos ocasionasen.

Ás competicións organizadas pola Real Federación Española de Tiro Olímpico, de non acudir o Presidente ou o Vicepresidente da Sección de Prato, nomearase a un Delegado Federativo que representará á FEGATO, no campionato designado, coa obriga de exercer as funcións encomendadas. Unha vez finalizada a competición, deberá, á maior brevedade posible, remitir informe do desenvolvemento do Campionato, incidencias, etc. para constancia na Federación.



Nos Campionatos Nacionais, aboaráselles os gastos de desprazamento, mais unha axuda de custos reducida por cada día de competición, mais outra polo día anterior ó inicio da competición.

Se o Delegado Federativo é compoñente dos equipos da Federación Galega de Tiro Olímpico, aboaráselle unha axuda de custos reducida por cada día de competición mais outra polo día anterior ó inicio da competición.

Medallas conseguidas en Campionatos Nacionais:

Os tiradores que representando á Federación Galega de Tiro Olímpico, obteñan medalla en competicións nacionais, aboaráselles, a maiores dos premios establecidos, as seguintes cantidades:

Individual:

Clasificación Xeral:

Medalla de Ouro: 300,00 €
Medalla de Prata: 200,00 €
Medalla de Bronce: 100,00 €

Clasificación por Categoría ou Crase:

Medalla de Ouro: 100,00 €
Medalla de Prata: 75,00 €
Medalla de Bronce: 50,00 €

Equipos Federación Galega:

Medalla de Ouro: 300,00 € Por equipo.
Medalla de Prata: 225,00 € Por equipo.
Medalla de Bronce: 150,00 € Por equipo.

Estas cantidades tamén se aboarán ós tiradores que acudan a título individual ós campionatos nacionais, sempre que a súa inscrición se faga a través da Federación Galega de Tiro Olímpico. De conseguir medalla, aboaráselles, ademáis do importe correspondente á mesma, a súa inscrición e pratos.

Se tres tiradores inscritos na competición desexan formar equipo representando a Federación Galega, aboarán a inscrición correspondente e representarán a Federación nesa competición, estando obrigados ao cumprimento das mesmas normas que os equipos designados pola Federación.

CAMPIONATOS INTERNACIONAIS, INTERAUTONOMICOS E OUTRAS COMPETICIONS RELEVANTES.

NORMAS MODALIDADE DE PRATO



Para Competicións de carácter Interautonómico, e outras Competicións, nas que a Federación Galega de Tiro Olímpico, considere necesaria ou beneficiosa a participación de equipos galegos nomeará os compoñentes dos mesmos que representarán á FEGATO, nas devanditas competicións, coas mesmas condicións e normas que para as competicións nacionais.

Para percibir os premios en metálico programados para os Campionatos Galegos, Nacionais, Internacionais, Interautonómicos e outras competicións relevantes, os tiradores teñen que cumprir co disposto no Artigo 3 do Estatuto de Autonomía para Galicia.

Nas competicións nas que a Federación Galega de Tiro Olímpico considere necesaria ou beneficiosa a participación de equipos Xuniors masculinos, Donas e Donas feminino, nomeará os compoñentes dos mesmos que representarán á FEGATO nas devanditas competicións, coas mesmas condicións e normas que para o resto dos tiradores galegos. A súa competición será supervisada por o Delegado Federativo que actuará como capitán de equipo da FEGATO. Do mesmo xeito, poderá inscribir un equipo senior para as seguintes competicións, todo isto supeditado aos ingresos propios da modalidade de prato.

Gran Premio Internacional de España de F.U.:

A celebrar en CEAR de Tiro Olímpico (Las Gabias – Granada) os días 17, e 18 de marzo de 2012.

Campionato do Mundo Fitacs en Pinhal (Portugal).

A celebrar en Pinhal (Portugal), os días 4 ao 10 de setembro de 2012.

III Campionato Iberoamericano de F.O. e Campionato de España Absoluto en F.O.

A Celebrar no CEAR de T.O. de las Gabias (Granada), os días 11 ao 14 de outubro de 2012.

Medallas conseguidas en Competicións Internacionais:

Os tiradores que representando á Federación Galega de Tiro Olímpico, obteñan medalla en competicións internacionais, aboaráselles, a maiores dos premios establecidos para competicións de categoría nacional, as seguintes cantidades:

Clasificación Xeral:

Medalla de Ouro:	600,00 €
Medalla de Prata:	500,00 €
Medalla de Bronce:	400,00 €



Clasificación por categoría ou Crase:

Medalla de Ouro:	300,00 €
Medalla de Prata:	200,00 €
Medalla de Bronce:	100,00 €

Equipos Federación Galega:

Medalla de Ouro:	300,00 €	Por equipo.
Medalla de Prata:	225,00 €	Por equipo.
Medalla de Bronce:	150,00 €	Por equipo.

Estas cantidades tamén se aboarán ós tiradores que acudan a título individual ós campionatos internacionais. De conseguir medalla, aboaráselles, ademais do importe correspondente á mesma, a súa inscrición e pratos.

FOSO OLÍMPICO

CAMPIONATO GALEGO DE FOSO OLIMPICO

Regulamento

1ª- Esta competición celebrarase cada ano entre o día 1º de maio e o 31 de agosto. A data exacta será fixada no Calendario Oficial da Federación Galega de Tiro Olímpico, dentro do período sinalado.

2ª- A organización correrá a cargo do clube organizador supervisado pola Federación Galega de Tiro Olímpico.

3ª- A competición será a 125 pratos. Ó finalizar disputarán a final os seis mellores da clasificación xeral.

4ª- A duración da tirada non excederá de dous días.

5ª- A clasificación será por categorías.

6ª- O programa constará de 6 trofeos para a clasificación xeral e tres por categorías máis Veteranos, Donas e Juniors. Para formar grupo por categorías, será necesario un mínimo de tres tiradores. En caso de que interese ó clube organizador, poderá aumentar o número de trofeos só por categorías.

NORMAS MODALIDADE DE PRATO



7ª- O tirador campión da edición anterior ten a opción de propor o clube da súa provincia que organice a edición seguinte. De non chegar a un acordo, será a Federación a que designe o clube organizador, dentro da Rexión galega.

8ª- O trofeo ó ganador do campionato consiste nunha placa de prata que acredite tal título, e que será costeada pola Federación.

9ª- O gañador de cada edición será bolsado pola Federación, cun premio en metálico, que cada ano, e previa aprobación da Asemblea, estableza, e que nunca será inferior a 300 €

10ª- Para optar á bolsa de axuda que se sinala no parágrafo anterior, será condición indispensable ser galego ou estar empadroado en Galicia e sempre que compita con licencia da Federación Galega. Se o tirador vencedor da competición non reunise estas condicións, o premio en metálico pasará o seguinte tirador clasificado na xeral, que as reuna.

11ª- Para o non especificado nestas bases, rexirase polas normas de participación nos campionatos galegos vixentes en cada momento.

12ª- Este Regulamento deberá figurar como anexo ó programa de man de cada competición.

13ª- A Federación Galega de Tiro Olímpico será quen velará polo cumprimento do presente Regulamento.

O presente Regulamento foi aprobado pola Asemblea Xeral da Federación Galega de Tiro Olímpico, en sesión ordinaria celebrada en Santiago de Compostela o día 19 de abril de 1987.

As modificacións a este regulamento foron aprobadas pola Asemblea da Federación Galega de Tiro Olímpico, en reunión ordinaria celebrada o día 29 de marzo de 2008, quedando aprobado o texto que figura como Regulamento.

Gañadores de edicións anteriores:

ANO	NOME E APELIDOS	PROVINCIA
2011	Manuel Sanmartín Gómez	A Coruña
2010	Manuel Prado Otero	Pontevedra
2009	Manuel Sanmartín Gómez	A Coruña
2008	Andrés Vázquez da Silva	Pontevedra
2007	Manuel Sanmartín Gómez	A Coruña
2006	Manuel Sanmartín Gómez	A Coruña
2005	Abelardo Moreiras Pérez	Ourense
2004	Manuel Sanmartín Gómez	A Coruña
2003	Victor Dominguez Gesto	A Coruña
2002	Agustín Souto Pena	A Coruña



2001	Victor Dominguez Gesto	A Coruña
2000	José Julián Mera Carrión	Ourense
1999	Manuel Sanmartín Gómez	A Coruña
1998	Manuel Sanmartín Gómez	A Coruña
1997	Blas Paradela Videla	Lugo
1996	Blas Paradela Videla	Lugo
1995	Blas Paradela Videla	Lugo
1994	Abelardo Moreiras Pérez	Ourense
1993	Carlos Prieto Martínez	Ourense
1992	Argimiro Rodríguez Gil	Ourense
1991	Manuel Sanmartín Gómez	A Coruña
1990	s/d	
1989	s/d	
1988	Angel Paz Díaz	Lugo

COPA GALICIA DE FOSO OLÍMPICO

Regulamento:

En Santiago de Compostela (A Coruña), sendo as dezanove trinta horas do día trinta de setembro de mil novecentos oitenta e dous, reúnen-se os representantes, debidamente autorizados, das Federacións Provinciais de Tiro Olímpico (Sección Prato), que a continuación se relacionan:

Pola Provincia de A Coruña, os señores Don Antonio Labora Clavo e Don Luis López Castro.

Pola Provincia de Pontevedra, os señores Don Juan Antonio Garrido Torrado e Don Manuel José Cruces Prado, os que, ademais, representan ós da provincia de Ourense, que justifican a súa imposibilidade de asistir.

ACORDAN: A creación dunha COPA GALICIA de tiro ó prato en Foso Olímpico, con arreglo ás seguintes bases:

1ª- Cada Federación Provincial aporta a cuarta parte do valor do trofeo, que é de 400.000 pesetas.

2ª- Esta competición celebrarase cada ano entre o día 1º de maio e o 30 de Setembro. A data exacta será fixada no calendario oficial da Federación Galega de Tiro Olímpico, dentro do período sinalado.

3ª- No ano 1983 celebrarase en Cernadiñas Novas (Pontevedra), a 200 pratos; no ano 1984 en El Juncal (A Coruña), a 100 pratos; no ano 1985 en Bonxe (Lugo), a 200 pratos; no ano 1986 en Altavista (Ourense), a 100 pratos, e así sucesivamente, cada ano nunha provincia diferente. No caso de que a provincia organizadora non poida realizar a tirada por calquera circunstancia, transmitirá os



dereitos de celebración á Federación, que por turno lle corresponda. A duración da tirada non superará os dous días.

4ª- O Clube organizador, a partir dos anos indicados, será designado pola Federación Provincial correspondente, con preferencia polos clubes que dispoñan de mellores instalacións.

5ª- O Campión de cada ano será premiado cunha reprodución da Copa Galicia, que terá un valor (sempre actualizado) como mínimo do 15% do trofeo orixinal, no que se añadirá unha placa grabada co nome do gañador.

6ª- A organización correrá a cargo do clube onde se celebre, supervisada pola Federación. O importe da inscrición (pratos aparte) fíxase en cinco mil pesetas. Esta cantidade incrementárase cada ano segundo o I.P.C.

7ª- O Programa será con 5 trofeos de prata, na clasificación xeral, ademáis de reprodución para o campión, 3 trofeos mais para os tres primeiros clasificados en cada categoría, 1 trofeo para cada crase en donas junior, junior e veterano. No caso de interesar ó clube organizador pode incrementar o número de trofeos para categorías, pero deixando ben claro que só o gañador absoluto ostentará o título de Campión da Copa Galicia, non existindo campións por categorías.

8ª- A Custodia do Trofeo Copa Galicia correspóndelle á Federación Provincial á que pertenza o gañador, debendo esta entregala cun mes de anticipación o clube organizador para expoñelo durante a competición. A Provincial que custodie o trofeo responsabilízase totalmente do mesmo.

9ª- O gañador de cada edición será Premiado en metálico pola súa Federación Provincial para tirar, o mesmo ano, na Copa de España. A bolsa consistirá en: viaxe en avión, hotel de tres estrelas, inscrición, pratos, e o valor de 500 cartuchos e dietas correspondentes.

10ª- Para optar ó título de Campión da copa Galicia e conseguir o trofeo, será condición indispensable ser galego ou estar empadroadado en Galicia.

11ª- O trofeo original Copa Galicia pasará en propiedade do tirador que a gañe tres anos seguidos ou cinco alternos. O ano que se entregue o trofeo orixinal, a reprodución quedará en poder da FEGATO para entregar nunha posterior edición.

12ª- O non especificado nestas bases, rexirase polo Regulamento de Tiradas (Modalidade de Prato) vixente en cada momento.

13ª- A Federación Galega de Tiro Olímpico será a encargada de velar polo cumprimento do presente Regulamento.

14ª- A reprodución da Copa Galicia asignada ó gañador, cada ano, será donada pola Federación Galega. O Premio que se concede ó ganador de cada edición é detallado na cláusula 9ª deste Regulamento, correrá a cargo da expresada Federación Galega de Tiro Olímpico.



15ª- Tódolos anos se renovará a póliza de seguro do trofeo orixinal actualmente vixente e o importe da mesma será abonado pola Federación Galega.

Modificacións posteriores ao Regulamento.

O presente Regulamento foi aprobado o día 30 de setembro de 1982 polos representantes das catro provincias galegas e refrendada en Asemblea Xeral Ordinaria da Federación Galega de Tiro Olímpico celebrada o día 12 de decembro de 1987, aprobándose na mesma aplanos puntos 13, 14 e 15.

Na asemblea da Federación Galega de Tiro Olímpico celebrada o día 27 de febreiro de 1993 acordase modificar a base 3ª establecendo a distancia 125 pratos.

Na Asemblea da Federación Galega de Tiro Olímpico celebrada o día 26 de febreiro de 1994 acordase que en caso de celebrarse a Copa de España de Foso Olímpico con anterioridade á Copa Galicia, a Federación Galega poderá designar outra competición do calendario nacional para dar cumprimento á base 9ª do Regulamento.

Na asemblea extraordinaria da Federación Galega de Tiro Olímpico celebrada o día 16 de Febreiro de 2002, aprobáronse as modificacións das cláusulas 2, 7 e 11.

As modificacións a este regulamento foron aprobadas pola Asemblea da Federación Galega de Tiro Olímpico, en reunión ordinaria celebrada o día 29 de marzo de 2008, quedando aprobado o texto que figura como Regulamento e Modificacións posteriores ao Regulamento.

Gañadores das edicións anteriores:

ANO	NOME E APELIDOS	PROVINCIA
2011	Henderson Rivas, John	Pontevedra
2010	Antonio Alonso Balseiro	A Coruña
2009	López Neira, Enrique	Pontevedra
2008	Rafael Torrecillas del Prado	A Coruña
2007	José Manuel Anido González	Lugo
2006	Oscar Hernández Ricoy	A Coruña
2005	Francisco Quintela Barral	A Coruña
2004	Victor Domínguez Gesto	A Coruña
2003	Manuel Sanmartín Gómez	A Coruña
2002	José Julián Mera Carrión	Ourense
2001	Manuel Sanmartín Gómez	A Coruña
2000	Blas Paradela Videla	Lugo
1999	Manuel Sanmartín Gómez (*)	A Coruña
1998	Manuel Sanmartín Gómez (*)	A Coruña
1997	Manuel Sanmartín Gómez (*)	A Coruña
1996	Argimiro Rodríguez Gil	Ourense



1995	Blas Paradela Videla	Lugo
1994	Argimiro Rodríguez Gil	Ourense
1993	Carlos Cameselle Pérez	Pontevedra
1992	Abelardo Moreiras Pérez	Ourense
1991	Angel Paz Díaz	Lugo
1990	Francisco Almedia Betancort	A Coruña
1989	José Luis González Martínez	Lugo
1988	Alfonso Andrade Díaz	Lugo
1987	Antonio Labora Calvo	A Coruña
1986	José Martínez Muleiro	Pontevedra
1985	José Luis González Martínez	Lugo
1984	Angel Paz Díaz	Lugo
1983	José López Buide	Lugo

(* Gañador do primeiro trofeo orixinal).

CAMPIONATO GALEGO DE REGULARIDADE EN FOSO OLÍMPICO

Normas de clasificación

As competicións que a continuación se relacionan son puntuables para a formación dos equipos que representarán á Federación Galega de Tiro Olímpico, e puntuarán para conseguir a súa clasificación para participar en competicións nacionais e os Premios en metálico que se establecen.

Campionatos puntuables para o ano 2012

Campionato provincial de Foso Olímpico de A Coruña - Pena da Revolta – As Pontes (A Coruña)

Campionato provincial de Foso Olímpico de Lugo – San Roque – Viveiro (Lugo)

Campionato provincial de foso Olímpico de Pontevedra – Rio Lerez – Xeve (Pontevedra)

Campionato Galego de Foso Olímpico - Rio Sar – Trazo (A Coruña)

XXX Copa Galicia de Foso Olímpico - Rio Lerez – Xeve (Pontevedra)

Destas cinco competicións escolleranse as catro mellores nas que o tirador obtivese o menor número de puntos negativos.

Ó gañador da tirada adxudicaráselle cero (0) puntos, e os clasificados a continuación o mesmo número de puntos como pratos o separen do gañador, e unha vez sumados estos, darán a clasificación final do Campionato Galego de Regularidade en Foso Olímpico.

Os desempates resolveranse polos resultados das últimas tiradas escollidas para puntuar, empezando pola última, excepto para o posto de Campión Galego de Regularidade, que se desempatará no lugar e data que sinale a Federación Galega de Tiro Olímpico.

NORMAS MODALIDADE DE PRATO



No Campionato Galego de Regularidade en Foso Olímpico, non se poderán incluír máis de dúas competicións por instalación.

Premios en metálico por clasificación que se establecen para este campionato:

Clasificación absoluta:

Campión Regularidade	300,00 €	300,00 €
----------------------	----------	----------

Clasificación xeral:

1º clasificado	270,00 €	
2º clasificado	240,00 €	
3º clasificado	210,00 €	720,00 €

Primeira categoría:

1.º clasificado	180,00 €	
2.º clasificado	160,00 €	
3.º clasificado	140,00 €	480,00 €

Segunda categoría:

1.º clasificado	180,00 €	
2.º clasificado	160,00 €	
3.º clasificado	140,00 €	480,00 €

Terceira categoría:

1.º clasificado	180,00 €	
2.º clasificado	160,00 €	
3.º clasificado	140,00 €	480,00 €

Cuarta categoría:

1.º clasificado	180,00 €	
2.º clasificado	160,00 €	
3.º clasificado	140,00 €	480,00 €

Donas:

1.ª clasificada	120,00 €	
2.ª clasificada	110,00 €	
3.ª clasificada	100,00 €	330,00 €

Veteranos:

1.º clasificado	120,00 €	
2.º clasificado	110,00 €	
3.º clasificado	100,00 €	330,00 €

Donas Junior:



1.º clasificado	120,00 €	
2.º clasificado	110,00 €	
3.º clasificado	100,00 €	330,00 €

Juniors:

1.º clasificado	120,00 €		
2.º clasificado	110,00 €		
3.º clasificado	100,00 €	330,00 €	4.260,00

Gañadores de edicións anteriores:

ANO	NOME E APELIDOS	PROVINCIA
2011	(Pendente desempate) Sanmartin Gómez/Mera Carrión	
2010	Jesús Pombo Rodríguez	Pontevedra
2009	López Neira, Enrique	Pontevedra
2008	José Antonio Calvo Jorge	Ourense
2007	José Antonio Calvo Jorge	Ourense
2006	Manuel Sanmartín Gómez	A Coruña
2005	Manuel Sanmartín Gómez	A Coruña
2004	Manuel Sanmartín Gómez	A Coruña
2003	Manuel Sanmartín Gómez	A Coruña
2002	Victor Domínguez Gesto	A Coruña
2001	Manuel Sanmartín Gómez	A Coruña
2000	Blas Paradela Videla	Lugo
1999	José Julián Mera Carrión	Ourense
1998	Manuel Sanmartín Gómez	A Coruña
1997	Manuel Sanmartín Gómez	A Coruña
1996	Oscar Hernández Ricoy	A Coruña
1995	Blas Paradela Videla	Lugo
1994	Argimiro Rodríguez Gil	Ourense
1993	Carlos Prieto Martínez	Ourense
1992	Manuel Sanmartín Gómez	A Coruña
1991	Abelardo Moreiras Pérez	Ourense
1990	Juan Francisco Arufe Hermo	A Coruña
1989	Carlos Prieto Martínez	Ourense
1988	Angel Paz Díaz	Lugo
1987	Diego Fariñas Fontenla	Pontevedra

**CAMPIONATO GALEGO POR EQUIPOS
DE CLUBES EN FOSO OLÍMPICO**

NORMAS MODALIDADE DE PRATO



Para participar no Campionato Galego por Equipos de Clubes, observaranse as seguintes Normas:

Para a formación de Equipos, so se esixirá que a Licencia federativa para o ano fose expedida polo mesmo Clube afiliado á Federación Galega de Tiro Olímpico.

Cada Clube pode inscribir tantos equipos como desexe. Cada equipo competirá cos tiradores inscritos, non podendo modificala composición dos mesmos. No caso de ausencia xustificada, poderá substituírse ún dos tiradores que compoñen o equipo por outro tirador do mesmo Clube, antes do inicio da competición.

Os equipos só representarán ó Clube polo que están afiliados.

Inscricións

Non se admitirá a inscrición de tiradores a título individual.

Nos equipos que figuren compoñentes de clase Junior, ou Dona Junior, a inscrición e os pratos serán aboados pola FEGATO.

Prazo de inscrición

O establecido para os Campionatos Galegos e Competicións puntuables para o Campionato Galego de Regularidade.

Sorteo de escuadras

Farase por equipos, segundo a orde de inscrición polo Clube, alternándose os tiradores de cada equipo.

Desenvolvemento da competición

Tódolos equipos disputarán 75 pratos, ós que finalizará a competición individual, por tirador, e dará a clasificación por equipos para a seguinte rolda.

Unha vez finalizada a competición os 75 pratos, pasarán a seguinte rolda os 16 equipos mellor clasificados.

Se o número de equipos inscritos fose menor de 16, e unha vez disputados os 75 pratos, pasarán á seguinte rolda os 8 equipos mellor clasificados (cuartos de final), co obxecto de poder desenvolver a competición por eliminación de equipos.

A primeira eliminatoria, enfrentará 8 equipos contra outros 8, polo sistema previsto no cadro de eliminatorias, os que perdan serán eliminados



CADRO DE ELIMINATORIAS



A segunda rolda eliminatoria disputarase do mesmo xeito que a anterior.

Disputaranse as series necesarias ata clasificar un equipo, de xeito que o primeiro e segundo clasificado, sexa o resultado dunha eliminatoria a 25 pratos.

O Equipo campión clasificará o seu Clube como Campión de Galicia por Clubes, e poderá ser sede da próxima competición, sempre que a capacidade das súas instalacións o permitan.

Desempates:

Se dous equipos ou máis acadasen a mesma puntuación, a clasificación decidirase pola suma dos resultados de tódolos compoñentes do equipo na última serie de 25 pratos, logo pola penúltima serie, etc. Ata chegar a un desempate.



Na eliminación por equipos, os compoñentes do equipo eliminado farán de xuíces-árbitros auxiliares.

Unha vez superada a fase previa, os desempates faranse a morte súpeta, sumando os resultados do equipo en cada rolda de un só tiro a cada prato.

Trofeos:

Equipos:

- 1º Medallas de prata.
- 2º Medallas de prata.
- 3º Medallas de prata.

Clubes:

- 1º Diploma de Campión.
- 2º Diploma de Subcampión.
- 3º Diploma de Terceiro clasificado.

Clubes Gañadores de Edicións anteriores:

ANO	CLUBE	PROVINCIA
2011	Rio Sar	A Coruña
2010	Rio Sar	A Coruña
2009	Non se celebrou por falta de inscrición	s/d
2008	Cernadiñas Novas	Pontevedra
2007	Rio Sar	A Coruña
2006	Rio Sar	A Coruña
2005	Rio Sar	A Coruña
2004	Rio Sar	A Coruña
2003	Rio Sar	A Coruña
2002	Rio Sar	A Coruña
2001	Rio Sar	A Coruña
2000	Viña Tellado	Ourense
1999	Viña Tellado	Ourense
1998	Viña Tellado	Ourense

DOBRE TRAP

CAMPIONATO GALEGO DE DOBRE TRAP

Regulamento

NORMAS MODALIDADE DE PRATO



1ª- Esta competición celebrárase cada ano entre o día 1º de maio e o 30 de setembro. A data exacta será fixada no Calendario Oficial da Federación Galega de Tiro Olímpico, dentro do período sinalado.

2ª- A organización correrá a cargo do clube organizador supervisado pola Federación Galega de Tiro Olímpico.

3ª- A competición será a 150 pratos. Ó finalizar disputarán a final os seis mellores da clasificación xeral.

4ª- A duración da tirada non excederá de dous días.

5ª- A clasificación será por categorías.

6ª- O programa constará de 6 trofeos para a clasificación xeral e tres por categorías máis veteranos, Donas e Juniors. Para formar grupo por categorías, será necesario un mínimo de tres tiradores. En caso de que interese ó clube organizador, podará aumentar o número de trofeos só por categorías.

7ª- O tirador campión da edición anterior ten a opción de propor o clube da súa provincia que organice a edición seguinte. De non chegar a un acordo, será a Federación a que designe ó clube organizador, dentro da Rexión galega.

8ª- O trofeo do gañador do campionato consiste nunha placa de prata que acredite tal título, e que será costeada pola Federación.

9ª- O ganador de cada edición será premiado pola Federación, cunha cantidade en metálico, que cada ano, e previa aprobación da Asemblea, estableza, e que nunca será inferior a 300 €

10ª- Para optar ao premio en metálico que se sinala no parágrafo anterior, será condición indispensable ser galego ou estar empadroadado en Galicia e sempre que compita con licenza da Federación Galega.

11ª- Para o non especificado nestas bases, rexirase polas normas de participación nos campionatos galegos vixentes en cada momento.

12ª- Este Regulamento deberá figurar como anexo ó programa de man de cada competición.

13ª- A Federación Galega de Tiro Olímpico será a que velará polo cumprimento do presente Regulamento.

O Presente Regulamento foi aprobado pola Asemblea Xeral da Federación Galega de Tiro Olímpico, en sesión ordinaria celebrada en Santiago de Compostela o día 26 de febreiro de 1994.

Na asemblea da Federación Galega de Tiro Olímpico celebrada o día 16 de febreiro de 2002 aprobouse a modificación da clausula 1ª.



As modificacións a este regulamento foron aprobadas pola Asemblea da Federación Galega de Tiro Olímpico en reunión ordinaria celebrada o día 29 de marzo de 2008, quedando aprobado o texto que figura como Regulamento.

Gañadores de edicións anteriores:

ANO	NOME E APELIDOS	PROVINCIA
2011	Non se realizou por falta de inscricións	s/d
2010	Non se realizou por falta de inscricións	s/d
2009	José Antonio Calvo Jorge	Ourense
2008	José Antonio Calvo Jorge	Ourense
2007	Agustín Souto Pena	A Coruña
2006	Agustín Souto Pena	A Coruña
2005	Alfonso Gómez Corzo	A Coruña
2004	José Manuel Mosquera Grela	A Coruña
2003	Agustín Souto Pena	A Coruña
2002	José Antonio Calvo Jorge	Ourense
2001	José Antonio Calvo Jorge	Ourense
2000	Manuel Sanmartín Gómez	A Coruña
1999	Manuel Sanmartín Gómez	A Coruña
1998	Manuel Sanmartín Gómez	A Coruña
1997	Angel Manuel Paz Penelas	Lugo
1996	Blas Paradela Videla	Lugo
1995	Oscar Hernández Ricoy	A Coruña

SKEET OLÍMPICO

CAMPIONATO GALEGO DE SKEET

Regulamento

1ª- Esta competición celebrarase cada ano entre o día 1º de maio e o 30 de setembro. A data exacta será fixada no Calendario Oficial da Federación Galega de Tiro Olímpico, dentro do período sinalado.

2ª- A organización correrá a cargo do clube organizador supervisado pola Federación Galega de Tiro Olímpico.

3ª- A competición será a 150 pratos. Ó finalizar disputarán a final os seis mellores da clasificación xeral.

NORMAS MODALIDADE DE PRATO



FEDERACION GALEGA DE TIRO OLIMPICO



4ª- A duración da tirada non excederá de dous días.

5ª- A clasificación será por categorías.

6ª- O programa constará de 6 trofeos para a clasificación xeral e tres por categorías máis veteranos, Donas e Xuniors. Para formar grupo por categorías, será necesario un mínimo de tres tiradores. En caso de que interese ó clube organizador, podará aumentar o número de trofeos só por categorías.

7ª- O tirador campión da edición anterior ten a opción de propor o clube da súa provincia que organice a edición seguinte. De non chegar a un acordo, será a Federación a que designe ó clube organizador, dentro da Comunidade galega.

8ª- O trofeo do gañador do campionato consiste nunha placa de prata que acredite tal título, e que será costeada pola Federación.

9ª- O ganador de cada edición será premiado pola Federación, cunha cantidade en metálico, que cada ano, e previa aprobación da Asemblea, estableza, e que nunca será inferior a 300 €

10ª- Para optar ao premio que se sinala no parágrafo anterior, será condición indispensable ser galego ou estar empadroadado en Galicia e sempre que compita con licenza da Federación Galega.

11ª- Para o non especificado nestas bases, rexirase polas normas de participación nos campionatos galegos vixentes en cada momento.

12ª- Este Regulamento deberá figurar como anexo ó programa de man de cada competición.

13ª- A Federación Galega de Tiro Olímpico será a que velará polo cumprimento do presente Regulamento.

O Presente Regulamento foi aprobado pola Asemblea Xeral da Federación Galega de Tiro Olímpico, en sesión ordinaria celebrada en Lugo o día 29 de marzo de 2008.

Gañadores de edicións anteriores:

ANO	NOME E APELIDOS	PROVINCIA
2011	Non se celebrou por falta de instalacións	s/d
2010	Non se celebrou por falta de instalacións	s/d
2009	Non se celebrou por falta de instalacións	s/d
2008	Non se celebrou por falta de instalacións	s/d
2007	Rafael Torrecillas del Prado	A Coruña
2006	Rafael Torrecillas del Prado	A Coruña

NORMAS MODALIDADE DE PRATO



**FEDERACION GALEGA
DE
TIRO OLIMPICO**



2005	Rafael Torrecillas del Prado	A Coruña
2004	Gabino Villamor Vázquez	Pontevedra

FOSO UNIVERSAL

CAMPIONATO GALEGO DE FOSO UNIVERSAL

Regulamento

1ª- Esta competición celebrárase cada ano entre o día 1º de maio e o 31 de agosto. A data exacta será fixada no Calendario Oficial da Federación Galega de Tiro Olímpico, dentro do período sinalado.

2ª- A organización correrá a cargo do clube organizador supervisado pola Federación Galega de Tiro Olímpico.

3ª- A competición será a 200 pratos.

4ª- A duración da tirada non excederá de dous días.

5ª- A clasificación será por categorías.

6ª- O programa constará de 6 trofeos para a clasificación xeral e tres por categorías máis Veteranos, Donas e Juniors. Para formar grupo por categorías, será necesario un mínimo de tres tiradores. En caso de que interese ó clube organizador, podará aumentar o número de trofeos só por categorías.

7ª- O tirador campión da edición anterior ten a opción de propor o clube da súa provincia que organice a edición seguinte. De non chegar a un acordo, será a Federación a que designe o clube organizador, dentro da Rexión galega.

8ª – O trofeo do gañador do campionato consiste nunha placa de prata que acredite tal título, e que será costeadada pola Federación.

9ª- O gañador de cada edición será Premiado pola Federación, cunha cantidade en metálico, que cada ano, e previa aprobación da Asemblea, estableza, e que nunca será inferior a 300 €

NORMAS MODALIDADE DE PRATO



FEDERACION GALEGA DE TIRO OLIMPICO



10ª- Para optar á bolsa de axuda que se sinala no parágrafo anterior, será condición indispensable ser galego ou estar empadroado en Galicia e sempre que compita con licenza da Federación Galega. Se o tirador vencedor da competición non reunise estas condicións, a bolsa de axuda pasará o seguinte tirador clasificado na xeral, que as reuna.

11ª- Para o non especificado nestas bases, rexirase polas normas de participación nos campionatos galegos vixente en cada momento.

12ª- Este Regulamento deberá figurar como anexo ó programa de man de cada competición.

13ª- A Federación Galega de Tiro Olímpico será quen velará polo cumprimento do presente Regulamento.

O presente Regulamento foi aprobado pola Asemblea Xeral da Federación Galega de Tiro Olímpico, en sesión extraordinaria celebrada en Santiago de Compostela o día 26 de febreiro de 1994.

As modificacións a este regulamento foron aprobadas pola Asemblea da Federación Galega de Tiro Olímpico en reunión ordinaria celebrada o día 29 de marzo de 2008, quedando aprobado o texto que figura como Regulamento.

Gañadores de edicións anteriores:

ANO	NOME E APELIDOS	PROVINCIA
2011	Jhon Henderson Rivas	Pontevedra
2010	Jesús Pombo Rodríguez	Pontevedra
2009	José Antonio Calvo Jorge	Ourense
2008	Andrés Vázquez da Silva	Pontevedra
2007	Francisco J. Lodeiro Carvajal	A Coruña
2006	Rafael Torrecillas del Prado	A Coruña
2005	Jodé Julián Mera Carrión	Ourense
2004	Victor Dominguez Gesto	A Coruña
2003	Manuel Sanmartín Gómez	A Coruña
2002	Manuel Sanmartín Gómez	A Coruña
2001	Alberto Rodríguez Fernández	Ourense
2000	Manuel Souto Martínez	A Coruña
1999	Alberto López Gómez	Ourense
1998	Manuel Sanmartín Gómez	A Coruña
1997	Abelardo Moreiras Pérez	Ourense
1996	Alberto López Gómez	Ourense
1995	Argimiro Rodríguez Gil	Ourense



1994	Javier Faúndez Domínguez	Ourense
1993	Alberto López Gómez	Ourense
1992	Luiz Zulueta de Madariaga	Ourense
1991	Francisco Almeida Betancort	A Coruña

CAMPIONATO GALEGO DE REGULARIDADE EN FOSO UNIVERSAL

Normas de Clasificación.

As competicións que a continuación se relacionan son puntuables para acadar os premios en metálico do Campionato Galego de Regularidade en Foso Universal.

Campionatos puntuables :

Campionato Provincial de Pontevedra – Rio Lerez – Xeve (Pontevedra)
Primeira Tirada Puntuable – Rio Sar – Trazo (A Coruña)
Campionato Provincial de Foso Universal de A Coruña – Pena da Revolta – As Pontes (A Coruña)
Campionato Provincial de Foso Universal de Lugo – San Roque (Lugo)
Campionato Galego de Foso Universal – Rio Lerez – Xeve (Pontevedra)

Destas cinco competicións escolleráanse as catro mellores nas que o tirador obtivese o menor número de puntos negativos.

Ó gañador da tirada adxudicaránlle cero (0) puntos, e clasificados a continuación o mesmo número de puntos como pratos o separen do gañador, e una vez sumados estos, darán a clasificación final do Campionato Galego de Regularidade en Foso Universal.

Os desempates resolveranse polos resultados das últimas tiradas escollidas para puntuar, empezando pola última, excepto para o posto de Campión Galego de Regularidade, que se desempatará no lugar e data que sinale a Federación Galega de Tiro Olímpico.

No Campionato Galego de Regularidade en Foso Universal, non se poderán incluír máis de dúas competicións por instalación.

Premios en metálico por clasificación que se establecen para este campionato:

Clasificación absoluta:

1 Campión Regularidade 300,00 € 300,00 €

Clasificación Xeral:

1º Clasificado 270,00 €
2º Clasificado 240,00 €
3º Clasificado 210,00 € 720,00 €



FEDERACION GALEGA DE TIRO OLIMPICO



Primeira Categoría:

1º Clasificado	120,00 €	
2º Clasificado	110,00 €	
3º Clasificado	100,00 €	330,00 €

Segunda Categoría:

1º Clasificado	120,00 €	
2º Clasificado	110,00 €	
3º Clasificado	100,00 €	330,00 €

Terceira Categoría:

1º Clasificado	120,00 €	
2º Clasificado	110,00 €	
3º Clasificado	100,00 €	330,00 €

Cuarta Categoría:

1º Clasificado	120,00 €	
2º Clasificado	110,00 €	
3º Clasificado	100,00 €	330,00 €

Donas

1º Clasificado	100,00 €	
2º Clasificado	90,00 €	
3º Clasificado	80,00 €	270,00 €

Veteranos:

1º Clasificado	100,00 €	
2º Clasificado	90,00 €	
3º Clasificado	80,00 €	270,00 €

Junior feminino:

1º Clasificado	100,00 €	
2º Clasificado	90,00 €	
3º Clasificado	80,00 €	270,00 €

Junior Masculino

1º Clasificado	100,00 €		
2º Clasificado	90,00 €		
3º Clasificado	80,00 €	270,00 €	3.420,00

Gañadores de edicións anteriores:

ANO	NOME E APELIDOS	PROVINCIA
2011	Jhon Henderson Rivas	Pontevedra
2010	Jesús Pombo Rodríguez	Pontevedra

NORMAS MODALIDADE DE PRATO



2009	Francisco Vázquez Penela	Lugo
2008	Andrés Vázquez da Silva	Pontevedra
2007	José Manuel Anido González	Lugo
2006	Manuel Sanmartín Gómez	A Coruña
2005	José Antonio Calvo Jorge	Ourense
2004	Manuel Sanmartín Gómez	A Coruña
2003	Manuel Sanmartín Gómez	A Coruña

MONDALIDADE DE MINIFOSO

Ao non dispor de Regulamento para esta modalidade, aplicarase o de Foso Universal, no que se refire a esquemas, distancias e categorías (tres máquinas do grupo central en Foso Olímpico e máquinas números 2,3 e 4 de Foso Universal. Poderase empregar munición de 28 gramos).

O gañador de cada edición será Premiado pola Federación, cunha cantidade en metálico, que cada ano, e previa aprobación da Asemblea, estableza, e que nunca será inferior a 300 €

CAMPIONATO GALEGO DE REGULARIDADE EN MINIFOSO

Normas de Clasificación.

As competicións que a continuación se relacionan son puntuables para formar o equipo que representará a Galicia no Campionato de España Absoluto e Categorías de Minifoso a celebrar no Club Coto de Valdorba (Navarra) o día 13 de maio de 2012.

Competicións puntuables :

- Campionato Galego de Minifoso – O Poste – Rubian – Boveda (Lugo)
- Campionato Provincial de Minifoso de Ourense – Pedreiriños- Entrimo (Ourense)
- Campionato Provincial de Minifoso de Pontevedra – Rosa Porriño (Pontevedra)

Destas tres competicións escolleranse as dúas mellores nas que o tirador obtivese o menor número de puntos negativos.

Ó gañador da tirada adxudicaránlle cero (0) puntos, e clasificados a continuación o mesmo número de puntos como pratos o separen do gañador, e una vez sumados estos, darán a clasificación final do Campionato Galego de Regularidade en Minifoso.

Os desempates resolveranse polos resultados das últimas tiradas escollidas para puntuar, empezando pola última, excepto para o posto de Campión Galego de



FEDERACION GALEGA DE TIRO OLIMPICO



Regularidade, que se desempatará no lugar e data que sinala a Federación Galega de Tiro Olímpico.

No Campionato Galego de Regularidade en Minifoso, non se poderán incluír máis de dúas competicións por instalación.

Premios en metálico por clasificación que se establecen para este campionato:

Clasificación absoluta:			
Campión Regularidade	240,00 €	240,00 €	
Clasificación Xeral:			
1º Clasificado	210,00 €		
2º Clasificado	180,00 €		
3º Clasificado	150,00 €	540,00 €	
Primeira Categoría:			
1º Clasificado	120,00 €		
Segunda Categoría:			
1º Clasificado	120,00 €		
Terceira Categoría:			
1º Clasificado	120,00 €		
Cuarta Categoría:			
1º Clasificado	120,00 €		
Donas			
1º Clasificado	120,00 €		
Veteranos:			
1º Clasificado	120,00 €		
Junior feminino:			
1º Clasificado	120,00 €		
Junior Masculino			
1º Clasificado	120,00 €	960,00 €	1.740,00 €

Gañadores de edicións anteriores:

NORMAS MODALIDADE DE PRATO



ANO	NOME E APELIDOS	PROVINCIA
2011	Francisco Vázquez Penela	Lugo
2010	Jose Julian Mera Carrión	Ourense

NOTAS ACLARATORIAS

Aos premios en metálico, bolsas de axuda, medallas, etc., superiores a 300,00 € aplicaráselles a deducción do 15% de Imposto sobre a Renda das Persoas Físicas.

As cantidades que se abonen aos técnicos da Federación Galega de Tiro Olímpico, Adestradores e Xuíces-árbitros, aplicaráselles a deducción do 2% de Imposto sobre a Renda das Persoas Físicas.

A Falta de participación nas competicións que se sinalan de seguido, e unha vez valorado o custo económico que supoñen a súa organización con tan pouca participación, obríganos a establecer uns mínimos de inscricións, para que os resultado económico non sexa tan gravoso para a Federación, e de non producirse as inscricións que se sinalan, non é posible asumir os custos pola Federación, agás que as Sociedades, sedes dos mesmos, colaboren economicamente na organización dos mesmos.

(1). O Campionato Galego por Equipos de Clubes en Foso Olímpico, celebrarase sempre que as inscricións alcancen os 16 equipos (48 Tiradores). De non alcanzarse o número de inscricións sinalado, non se celebrará a Competición, agás que o Clube sede da mesma asuma as inscricións da diferencia de equipos, ata completar 16.

(2). O Campionato Galego de Dobre Trap, celebrarase sempre que os tiradores inscritos alcance o número de 24 tiradores (catro escuadras). De non alcanzarse o número de inscricións sinalado, non se celebrará a Competición, agás que o Clube sede da mesma asuma as inscricións da diferencia de tiradores, ata completar 24.

(3). O Campionato Galego de Skeet, de existiren instalacións, celebrarase sempre que os tiradores inscritos alcance o número de 18 tiradores (tres escuadras). De non alcanzarse o número de inscricións sinalado, non se celebrará a Competición, agás que o Clube sede da mesma asuma as inscricións da diferencia de tiradores, ata completar 18.

O calendario de Actividades Sociais de Prato, foi programado a solicitude dos Clubes interesados, legalmente inscritos na Federación Galega de



FEDERACION GALEGA DE TIRO OLIMPICO



Tiro Olímpico, e que dispoñen de instalacións regulamentarias (Foso Olímpico, Foso Universal, Dobre Trap ou Skeet).

As Actividades programadas cos correspondentes orzamentos, executaranse, sempre que os ingresos destinados á actividade de prato o permitan.

Para participar nos campionatos organizados pola Federación Galega de Tiro Olímpico, os tiradores só poderán inscribirse a través da súa Delegación Provincial.

Durante o ano 2012 os Tiradores con licenza doutras Federacións Territoriais poderán participar en tódalas competicións oficiais nas mesmas condicións que os tiradores con licenza da Federación Galega, agás na Copa Galicia de Foso Olímpico, onde a súa competición remata aos 125 pratos, non tendo opción a disputar a serie final (play-off). Tampouco percibirán axuda económica pola súa clasificación.

Os tiradores con licenza federativa doutras Federacións Territoriais, deberán inscribirse na Sede Central da Federación Galega de Tiro Olímpico, nos prazos establecidos para os tiradores galegos.

Para participar nas competicións nacionais, que a inscrición teña que facerse a través da Federación Galega , os tiradores deberán inscribirse na súa Delegación Provincial e abonar o importe da inscrición e pratos.

O tirador que desexe participar en competicións organizadas pola Real Federación Española de Tiro Olímpico, ten que estar en posesión da licenza federativa nacional correspondente, (Prato, Precisión ou Percorridos de Tiro), que deberá solicitar nos tres primeiros meses do ano. Aqueles tiradores que desexen inscribirse nalgunha competición que comenza dentro dos tres primeiros meses, deberán tramitar a renovación da súa licenza nacional coa antelación suficiente. Enténdese por antelación suficiente, como mínimo 10 días hábiles, antes da data límite de inscrición da competición. Considerase días non hábiles, para este efecto, os sábados, domingos e festas nacionais non sustituíbles (Normas da REFEDETO de data 21/01/2012).

Ó realizarse a inscrición por unha aplicación informática, non é posible a súa vinculación, senón está tramitada a súa licenza nacional. O Tirador ten que abonar a Licenza federativa de categoría nacional no intre de solicitala. A Real Federación Española de Tiro Olímpico, establece como data límite de solicitude o 31 de marzo do ano en curso.

As modificacións nas licencias federativas, so se admitirán as solicitudes que teñan entrada na Federación Galega de Tiro Olímpico, antes do

NORMAS MODALIDADE DE PRATO



**FEDERACION GALEGA
DE
TIRO OLIMPICO**



día 30 de novembro do ano anterior ó que se solicita a modificación. A solicitude de cambio de Clube ten que ter a aceptación do Clube para o que solicita o cambio. Deberase presentar escrito en orixinal asinado polo interesado e polo club para o que solicita o cambio.

Os Calendarios, axudas e normas de participación, foron aprobados pola Asemblea Xeral da Federación Galega de Tiro Olímpico, na súa reunión ordinaria celebrada o día 3 de marzo de 2012.

A Federación Galega de Tiro Olímpico, dispón de caixas de correo electrónico cos seguintes enderezos

Sede Central : galega@fegato.eu.

Delegación de A Coruña: acoruna@fegato.eu

Delegación de Lugo: lugo@fegato.eu

Delegación de Ourense: ourense@fegato.eu

Delegación de Pontevedra: pontevedra@fegato.eu

Asímesmo conta cunha páxina web con enderezo: www.fegato.eu.

A sede central da Federación Galega de Tiro Olímpico, permanecerá pechada o mes de agosto, por vacacións.

ooOoo

NORMAS MODALIDADE DE PRATO